

Instrución 2/2026, do 30 de xullo, da Vicerreitoría de Profesorado, pola que se aclara o réxime retributivo do permiso parental para o coidado de fillo, filla ou menor acollido a cargo por tempo superior a un ano

PREÁMBULO.....	1
Artigo 1. Obxecto.....	1
Artigo 2. Carácter non retribuído do permiso parental	1
Disposición final primeira. Habilitación.....	1
Disposición final segunda. Entrada en vigor	1

PREÁMBULO

O Acordo do Consello de Goberno de 28 de abril de 2026 polo que se regulan as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do persoal docente e investigador da Universidade da Coruña é o marco normativo que rexe os permisos e licenzas que afectan a todo o persoal docente e investigador da Universidade da Coruña comprendido no ámbito de aplicación da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario.

O citado Acordo recolle no seu apartado Segundo.3 os permisos e licenzas de carácter xeral. Entre eles inclúese, na letra e), o permiso parental para o coidado de fillo, filla ou menor acollido a cargo por tempo superior a un ano, ata o momento en que o menor cumpra oito anos. Este permiso ten a súa base legal no artigo 49.g) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, precepto que establece expresamente o carácter non retribuído deste permiso.

Co fin de evitar dúbidas interpretativas considérase necesario ditar a presente instrución.

Artigo 1. Obxecto

A presente instrución ten por obxecto aclarar o réxime retributivo aplicable ao permiso parental regulado no apartado Segundo.3.e) do Acordo do Consello de Goberno de 28 de abril de 2026 polo que se regulan as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do persoal docente e investigador da Universidade da Coruña.

Artigo 2. Carácter non retribuído do permiso parental

O permiso parental para o coidado de fillo, filla ou menor acollido a cargo por tempo superior a un ano, ata o momento en que o menor cumpra oito anos, previsto no apartado Segundo.3.e) da citada normativa, terá carácter non retribuído, de conformidade co establecido no artigo 49.g) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Disposición final primeira. Habilitación

Habilítase á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de Profesorado para interpretar e resolver as dúbidas que presente a aplicación desta instrución.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Esta instrución entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC.

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández